

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 18/07/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

MATILDE LAYA LORENZO

SECRETARIA

MARIA DEL ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18/07/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11 de xullo 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/2103

Dáse conta do escrito presentado por D. Borja Rojas Gómez, solicitando autorización para o traslado do quiosco situado na rúa de Cobián ata as inmediacións da Praza de Galicia, debido a que a localización actual non cumpre o distanciamento regulamentario co centro escolar. A maiores este traslado solicítase para facilitar a accesibilidade do Axente Vendedor que traballa neste punto de venda sumado por problemas de visión e mobilidade.

Dáse conta do informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado dado que a ubicación proposta non se considera adecuada para este tipo de instalacións.

PRP2022/2244

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Emilia Uz Prado, en representación de MERCADONA SA, solicitando

1) Saber se se concedería reserva exclusiva da zona para os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, en horario de tarde e saber o custe aproximado de dita reserva.

2) Saber se é posible a modificación de horario de tarde, pasando a ser o horario de 17:00 a 22:00 horas, ou horario que se pode autorizar para realizar carga ás 21:30 horas e que non coincida co horario punta de aparcamento para as zonas de praia.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na actualidade o establecemento ten fronte á súa fachada principal unha zona de carga e descarga de carácter xeral.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está estudando a modificación da ordenanza municipal de circulación na que se valorarán modificacións nas reservas de carga e descarga con carácter xeral.

PRP2022/2299

Dáse conta de escrito presentado por dona Maria José Barcala Señorans denunciando a realización de vertidos e depositos de escombros na finca da súa propiedade, situada en rúa Camiño Outeiro nº 2, que a día de hoxe se atopa limpa.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar á Sra. Barcala Señorans que se nalgún intre observa que alguén guinda lixo dentro da súa finca sen o seu consentimento, proceda a poñerse en contacto co Servizo do 112 co fin de poder identificar ao autor ou autora dos feitos.

PRP2022/2390

Dáse conta do escrito presentado por La Voz de Galicia SA, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia e Rúa Alcalde Rey Daviña os días 23 de agosto ao 6 de setembro coa instalación de 18 estruturas a modo de monolitos expositivos autoportantes, así como dous paenís de entrada de 2.500 mm alto x 2.500 mm ancho x 700 mm de fondo, para a realización da exposición "140 anos de Voz", que supón un repaso aos 140 anos de historia de La Voz de Galicia.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse as estruturas ao indicado na solicitude.

Así mesmo deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2022/2391

Dáse conta do escrito presentado por O Sono de Lilith, solicitando autorización para ocupación de vía pública para a presentación do evento FESTIVALIA, o sábado 20 de agosto na Praza de Galicia.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións

de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2022/2392

Dáse conta do escrito de Fundación Galicia Obra Social solicitando autorización para colocación de 3 totems de 2 x 1 m. no areal da Praia de Compostela, entre o 15 de agosto e o 11 de setembro.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que deberán dirixir a súa petición ante o Servizo Provincial de Costas, por ser o organismo competente para a concesión da autorización solicitada.

PRP2022/2405

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Canalis Soluciones Tecnologicas SL para a rehabilitación de colector mediante encamisado con manga continua (DN300 L:50M) en Rúa do Parque, en O Piñeirño, por un importe total de 13.092,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2406

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PIXELING SL para a elaboración do Plan de Autoprotección da Festa da Auga 2022, por un importe total de 4.404,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2408

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BULLFUEGO SLU para o subministro de lanzas de extinción de incendios multipropósito de baixa presión, por un importe total de 2.297,96 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2409

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BULLFUEGO SLU para o subministro de espumóxeno para a extinción de incendios de hidrocarburos e retardante en incendios de sólidos, por un importe total de 1.585,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2410

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ozona Consulting, SL para o subministro de oito CPU's HP ProDesk 400 G7 – SFFT – i5 e cinco CPU's HP ProDesk 400 G7 – SFFT – i8, por un prezo de 12.777,36 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Os equipos teñen unha garantía de tres anos in situ.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2411

Dáse conta de escrito presentado por D. Cristobal Verde Angueira, en representación de Orange Espagne SAU solicitando autorización para instalación estación mobil de telefonía na Praza da II República do 9 ao 17 de agosto, con motivo da Festa da Auga de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico Industrial, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá obter a preceptiva autorización da Secretaría de Telecomunicacións.
- Deberá achegar designación da persoa física ou xurídica que asumirá a responsabilidade técnica da montaxe das instalacións (estruturas permanentes desmontables).

PRP2022/2412

Dáse conta dos escritos presentados por Dona Maria Pilar Victoria Rios Morales e Dona M^a Angelines Exposito Rodríguez solicitando a construción dunha pequena rampla de acceso ao edificio nº 11 da Rúa Ramón y Cajal, para salvar o desnivel existente entre a entrada e a vía pública.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude feita polas Sras. Rios Morales e Exposito Rodríguez, xa que as obras de accesibilidade deben realizarse en espazos privados (portal do edificio).

Ademais a construción da rampla solicitada dificultaría o tránsito aos usuarios da vía pública.

PRP2022/2415

Dáse conta do escrito presentado por D. Fernando Cortines González de Riancho achegando Decreto do Xulgado do Contencioso nº 3 de Pontevedra de aprobación de taxación de costas por importe de 484 € en relación co Procedemento Abreviado 84/2021 - Expediente Martín Serantes Álvarez.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda ao aboamento das costas citadas.

Dar conta á Intervención Municipal.

PRP2022/2416

Dáse conta do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa Pereira SL co fin de colaborar na extensión do servizo de bono-bus a tódolos sectores da poboación, cun prazo de vixencia de 1 ano natural, que poderá prorrogarse anualmente, polo que

o Concello se compromete a aportar a cantidade de 45.000 €, con cargo á partida 134.48401.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade ao citado convenio de colaboración.

PRP2022/2417

Dáse conta da sinatura do convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa para obras de reparación e acondicionamento no Pavillón Polideportivo de Fontecarmoa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2423

Dáse conta do percorrido da XVIII Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía , que se vai celebrar o día 30 de xullo polas seguintes rúas: Avda. Mariña, Rivero de Aguilar, Rúa Valle Inclán (ata a rotonda de entrada ao peirao comercial), Rúa García Caamaño, Rúa Alexandre Bóveda, Rúa Elpidio Vilalverde e Avda. da Mariña, así como a utilización da Praza da II República para a organización do evento.

Dado que o percorrido supón o peche de varias rúas dependentes da Autoridade Portuaria, deberase solicitar a correspondente autorización para o peche das mesmas.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o percorrido indicado e que polos distintos Departamentos se adopten as medidas necesarias para o seu correcto desenvolvemento, debendo contar a organización co persoal necesario para o peche e desvío do tráfico en diversos cruces.

Así mesmo para a dirección do persoal voluntario e a coordinación deste persoal co Xefe operativo da Policía Local deberá nomear un director de seguridade da proba.

Acórdase así mesmo autorizar a cota de inscrición de 5,00€ máis 1,00€ de aluguer de chips, xa que este prezo non está incluído no acordo regulador nºIII.5 de prezos.

Dar conta á Policía Local.

PRP2022/2432

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Grupo Electro Stocks SLU (Kilovatio Arousa) para o subministro de tres unidades portátiles de aire acondicionado para dúas Oficinas do Auditorio Municipal e Oficina de Informática (CAU), por un importe total de 1.263,24 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 334.213, por importe de 842,16 € (dúas unidades)
- Con cargo á partida 9201.213, por importe de 421,08 € (unha unidade).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2435

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ARBOGAL 2007 SL para a realización dos traballos de poda de seco e saneamento dos eucaliptos do Parque da Praia de Compostela, por un importe total de 3.872,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2022/2328

Dase conta da Resolución da Diputación Provincial de Pontevedra, relativa as CONTRATACIONES DA LÍNEA 3-EMPREGO DENTRO DO PLAN PARA CONSERVACION E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2022 LÍNEA 3 , na que se aproba a certificación acreditativa achegada polo Concello de Vilagarcía, relativa a contratación laboral de trinta e seis traballadores por un período de 6 meses e se reconece a obriga e orde de pagamento a este Concello do importe de 149.040,59€.

Este importe corresponde co 50% restante da subvención que se calcula para cada traballador en función da súa xornada e da duración do seu contrato en base á comunicación do concello sobre o número de contratacións formalizadas iniciadas no primeiro mes de contrato, logo de descontarse importe de 5.571,61€ ,correspondentes aos 3 meses e 27 días que está sen cubrir o posto dun peón instalador/electricista dun contrato de 6 meses a tempo completo, por renuncia voluntaria deste traballador.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/2418

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Librería Follas Novas Arousa SL para o subministro de materiais bibliográficos para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura da Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 1.095,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22001, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (Programa B) 2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2420

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espacio do Lector SL (Librería Arousa) para o subministro de materiais bibliográficos para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura da Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 2.555,47 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22001, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU (Programa B) 2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2022/2349

Dáse conta da Proposta da Concellería de Xuventude en relación coa organización da actividade "CINE NA RÚA 22", consistente nunha serie de proxeccións destinadas a público familiar co obxectivo de contribuir á difusión de diversas obras cinematográficas destinadas a todos os públicos á vez que se implementa e descentraliza a oferta cultural e de ocio do noso municipio durante o verán .

Proxectaríanse as seguintes películas, nos seguintes lugares e datas e en horario de 22.30 h:

“O gran Camiño: Praza da Liberdade”. Carril /27 de xullo.

“A todo tren. Destino Asturias”: Parque da A Xunqueira /29 de xullo.

“Picachu”: Praza Rafael Pazos. Vilaxoan /2 de agosto.

“Valentina”: Parque do Piñeiriño/ 6 de agosto.

“Cuñados”: Campo da festa. Cornazo /9 de agosto.

“Asterix. El secreto de la poción mágica”: Campo da festa. Sobradelo/13 de agosto.

“Tom y Jerry”: Praia de Bamio /17 de agosto.

“Live is Life”: Xardín de Ravella /19 de agosto.

“Explota, explota”: Campo da festa de Castroagudín/ 23 de agosto

“Granjagedón”: Explanada do centro sociocultural. Guillán /27 de agosto.

“Pinocho”: Parque da Coca /30 de agosto.

“Un monstruo en París”: Campo da festa. Rubiáns /3 de setembro.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización da citada actividade, por un importe total de 11.090,00 €, con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- 10.890,00 € (IVE incluído) para as proxeccións. Orzamento presentado por Mr. Misto Pro and Ser S.L, con CIF.: B94173705 e enderezo en Rúa Alcalde Rei Daviña, nº 53, 3ªA, Vilagarcía de Arousa

- 200 € para imprevistos.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

1. Adopción dos protocolos e medidas de protección e de prevención do COVID 19 de ser o caso, tal e como veñan establecidos por lei, no momento de realización da actividade. Con tal motivo, terá que comprometerse coas prescricións subscritas pola administración sanitaria establecidas durante todo o programa, realizando as pertinentes modificacións no programa (de ser necesario)
2. Asumirán ao seu exclusivo cargo e terá concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.
3. Controlar o acceso e o aforo, a través do persoal correspondente de control de acceso e de vixianza. (en virtude dos art. 14 e 15 da Lei 10/2017 de Espectáculos públicos e Actividades Recreativas de Galicia)
4. Facerse cargo dos gastos relativos aos dereitos de autor e SGAE.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2402

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación Xuvenil Arousa Moza, de ocupación de vía pública con carpas, mesas e cadeiras na Praza de Galicia, os martes do 12 de xullo ao 23 de agosto.

Visto o informe da Policía Local e a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a ocupación solicitada, do 16 ao 26 de xullo, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento das actividades.
- A resposta dos actos que se realicen nos espazos públicos autorizados e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto.
- Igualmente, será responsabilidade da entidade organizadora a obriga de facer cumprir a todos os/as participantes nas actividades, as medidas de prevención do COVID-19 sinaladas polas autoridades sanitarias que estean vixentes os días de realización do programa.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Comunícaselle así mesmo que en canto á solicitude para o mes de agosto, debido ás actividades organizadas polo Concello na Praza de Galicia nesas datas, así como a celebración das Festas Patronais, deberán proceder a solicitalo novamente para ver a posibilidade de conceder a autorización solicitada.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

PRP2022/2428

Dáse conta da publicación no DOG do día 21 de xuño de 2022 por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dunha Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención e reutilización en proximidade de residuos municipais, cofinanciadas polos fondos do Programa de economía circular e do Plan de impulso ao ambiente-PIMA residuos, e se procede à súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975N).

No artigo 1, a ORDE sinala as dúas liñas de actuación. Liña 1 (que se solicita) para espazos de autorreparación e intercambio e Liña 2 (que non se solicita) para Pontos Limpos de Proximidade.

No artigo 3 define os conceptos subvencionábeis entre os que se inclúen a adecuación de espazos e da instalación eléctrica, elementos de almacenamento, actuación de formación, elementos de información, equipamento básico e ferramentas e campaña de comunicación (que é obrigatoria con un financiamento máximo de 5.000 euros) e no artigo 4 especifica que para estaren ben xustificadas os gastos teñen que ser solicitadas 3 ofertas de diferentes provedores.

No artigo 5 informa que a subvención total recibida para a liña 1 será dun máximo de 20.000 euros e 90% do proxecto, sen IVE e que este non é subvencionábel.

O artigo 6 avisa que o prazo para presentar a solicitude conclúe no 21 de xullo de 2022 e o artigo 7 de toda a información que debe acompañar anexa a solicitude.

O artigo 14 explica os criterios de valoración, entre os que están a coherencia, claridade e calidade do proxecto, implicación de centros especiais de emprego, eficiencia euro/habitante das actuacións, poboación atendida e achega económica superior ao 10% da entidade local.

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado, Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Solicitar subvención na liña 1 para a creación do espazo de autorreparación e intercambio, aceptando condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.

Segundo o orzamento calculado, o custo do proxecto, sen IVE, ascende a 22.222 €, dos que 19.999,80 corresponden ao 90% do total do proxecto que achega a subvención e 2.222,20 o 10% que achega o concello. O gasto total aproximado do concello será de 6888,82 €, incluíndo o IVE total que alcanza 4666,62 €, en función do que resulte do procedemento de contratación administrativa.

2.- Facer constar que existe crédito suficiente no orzamento municipal para o pagamento da parte non subvencionada, con cargo á partida 1720.22699.

TURISMO

PRP2022/2397

Dáse conta de proposta da Concellería de Turismo na que se indica que os aseos situados na praia da Concha non están agora en servizo, precisamente cando a afluencia de xente vai a ser a maior en todo o ano.

Co obxecto de solventar esta situación e incluso incrementar a dispoñibilidade de anos anteriores, considerase necesaria a instalación de baños, do 21 de xullo ata o 21 de agosto.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por GLOVAL DEVELOP, EVENT SERVICES (GONZALO REGUEIRO CERVIÑO), para o aluguer de dúas casetas de 12 baños cada unha delas, dende o 21 de xullo ata o 21 de agosto, por un importe total de 4.840,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.203, instalando unha na entrada da praia, na Concha, e outra á altura na que se atopaba o CIRA.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2022/2401

Vista a solicitude de D. Santiago Paz Noya, en representación de Dos Espacios Internet Consultin SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 22 de xullo de 2022, en horario de 10:00 a 14:00 horas, para a celebración dun acto de aniversario, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2022/2357

Dáse conta de Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 1 de xullo de 2022, polo que se concede a este Concello a cantidade de 242.192,22 € con destino ao financiamento do investimento "Mellora do firme en vias municipais nas parroquias de Zamar, Cornazo e Guillán", cun orzamento por importe de 242.192,22 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2385

Dáse conta de escrito da Deputación Provincial lembrando o prazo para a xustificación dos investimentos incluídos no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, que deben estar executados a 31 de xullo e xustificados a 31 de agosto de 2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2396

A Xunta de Goberno Local, visto o informe favorable do Arquitecto Municipal, acorda aprobar o "Proxecto dunha rede de sendeiros PR-G e un taller de CxM Trail no contorno do Monte Xiabre", asinado por D. Alberto Canle Campo, técnico de Sendeiros EEAM/FEDME, cun orzamento total de 48.398,51 €.

PRP2022/2398

Dáse conta da recepción e entrega por parte do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, das obras incluídas no "Proxecto de rehabilitación do Paseo Marítimo da Praia de Compostela. Vilagarcía de Arousa - Fase II", clave 36-0431.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a entrega das obras aos efectos da súa conservación e mantemento conforme aos compromisos adquiridos.

PRP2022/2403

Dáse conta de notificación do acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, de data 30 de xuño de 2022, polo que se incoa o procedemento para a alleación da parcela da antiga Comandancia ao Concello de Vilagarcía de Arousa e se aproba a taxación por valor de 1.157.406,76 €.

Dáse conta do informe favorable e condicionado a adquisición da parcela con referencia catastral 9168009NH1196N001RO, de acordo co informe de taxación. A adquisición da parcela levarase a cabo unha vez que a Dirección Xeral de Patrimonio do Estado incorpore a parcela como ben patrimonial, momento no que a Autoridade Portuaria poderá proceder á alleación da mesma.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2404

Dáse conta de notificación do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa de data 30 de xuño de 2022, polo que se aproba o convenio co Concello de Vilagarcía de Arousa para a utilización dunha nave na Zona de Servizo do Porto, con destino á realización de ensinanzas e actividades náuticas e deportivas.

Dáse conta de informe da Secretaria Xeral no que se indica:

O citado convenio establece o aboamento dunha taxa por ocupación da superficie de 181 m² destinada a actividades deportivas (2022) de 3.120,49€ (ano), que tras a aplicación da bonificación (2022) suporía un importe de 1.560,25€ ano.

No que respecta á taxa por actividade elevaríase a 172,97€ ano que deberá aboarse, por semestres adiantados, a partir do vencemento do prazo para a finalización das obras dispostas no convenio.

Asemade, o concello comprométese a contratar un seguro de danos a terceiros e responsabilidade civil, debendo entregarse xustificante á Autoridade Portuaria no prazo dun mes contado a partir da sinatura do contrato. Igualmente deberá concertarse un seguro de danos que abrangue tódolos bens integrantes do dominio público cedido, cun importe nunca inferior de 121.590,18€

O artigo 9.1 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, outorga as entidades locais capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de todas as clases e exercitar accións e recursos procedentes en defensa do seu patrimonio. Así mesmo no punto b) do seu artigo 10 establece que as Corporacións Locais poden adquirir bens e dereitos a título oneroso con exercicio ou non da facultade de expropiación. Neste mesmo sentido pronúncianse os artigos 270 e seguintes da lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

O punto número 9 e 10 da Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que: "Nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación nos termos definidos no art. 100.1, non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe, nin a contía indicados. Corresponde ao Pleno as competencias respecto dos contratos citados cando non corresponda ao Alcalde.

O órgano competente para a aprobación do convenio polo que se outorga o uso da nave identifícase como a 03-004 que se ubica no Cavadelo, en zona de servizo a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, en virtude da delegación efectuada pola Alcaldía mediante Resolución

do 19 de xuño de 2019, ao ser o seu importe inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal.

Deberan realizarse as operacións orzamentarias oportunas para facer fronte aos pagamentos de taxas, seguros, etc. que debeñen da sinatura do convenio de referencia, así como para a licitación polo Concello das obras de acondicionamento da nave para actividades deportivas e ensinanzas náuticas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2022/2419

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, na que se indica:

Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigacións que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR (Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia), toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR (Plan de recuperación, transformación e resiliencia) deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

O citado plan debe estar aprobado pola entidade decisora ou executora, nun prazo inferior a 90 días desde a entrada en vigor da Orde (HFP/1030/2021) ou, no seu caso, desde que se teña coñecemento da participación na execución do PRTR.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Plan de Medidas Antifraude do Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión de Fondos Europeos.

PRP2022/2421

Dáse conta do expediente tramitado mediante Procedemento Negociado sen Publicidade para a adxudicación do Contrato Privado denominado "PATROCINIO PUBLICITARIO DO FESTACLOWN -VILAGARCÍA DE AROUSA-EDICIÓN 2022", cun orzamento de licitación de 43.318,00 € (IVA incluído), e dos licitadores presentados seguintes:

CIF: F15983067 Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega.

Tras a revisión da documentación achegada polo licitador, o órgano de asistencia conclúe o seguinte:

Admitir ao licitador denominado: CIF: F15983067 Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, ao presentar a documentación correctamente.

De acordo á avaliación da proposta achegada polo licitador, o órgano de contratación conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polo licitador:

Orde: 1 CIF: F15983067 Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 0.0

Total puntuación: 0.0 (Motivo: o licitador ofertou o precio tipo de licitación)

Á vista do que antecede a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato privado denominado "Patrocinio publicitario por parte do concello de Vilagarcía de Arousa, con CULTURACTIVA Sociedade Cooperativa Galega, con motivo da celebración do FESTACLOWN

Vilagarcía de Arousa - Edición 2022”, cun orzamento de licitación de 43.318,00 € (IVE incluído) á seguinte empresa: CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con CIF F15983067, de conformidade coa súa propia oferta en aplicación do criterio de valoración e adxudicación previsto no PCAP.

Oferta do licitador:

| NIF | LICITADOR | IMPORTE SEN IVE | 21% IVE | IMPORTE CON IVE |
|-----------|-------------------------------------------|-----------------|------------|-----------------|
| F15983067 | CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | 35.800,00 € | 7.518,00 € | 43.318,00 € |

PRP2022/2430

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de 27 de xuño de 2022 adxudicouse o contrato de servizos denominado Dirección de Obra do investimento denominado "Mellora de seguridade e accesibilidade de camiños escolares seguros aos centros da entorna de Matosinhos" dividido en dúas Fases, á mercantil AM2 ARQUITECTOS C.B, (ALEXANDRE MOURIÑO FERNÁNDEZ, (NIF: 36159509-J), por un Importe Total (Fase I e Fase II) de 14.900,00 € (IVE excluído) e 18.029,00 (IVE engadido), desglosándose o orzamento en dous lotes:

LOTE 1:

Para a Fase 1, que actuará sobre as rúas Fontecarmoa, A Xunqueira e Avda. Dr. Tourón:

Por importe de 10.000,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.100,00 € o que fai un total para a Fase I de 12.100,00 € (IVE engadido), segundo o orzamento que presenta.

LOTE 2:

Para a Fase 2, que actuará sobre a Avda de Matosinhos:

Por importe de 4.900,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.029,00 € o que fai un total para a Fase II de 5.929,00 € (IVE engadido), segundo o orzamento que presenta.

Tendo en conta que os contratos para o lote 1 e 2 foron asinados o 6 de xullo de 2022, non asinándose aínda o acta de comprobación de replanteo, e dado que por cuestións operativas considérase oportuno que esta dirección de obra sexa desempeñada polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

